## i | INFÓRMATE

Si estás interesado en recibir periódicamente información sobre las actividades del Centro, puedes rellenar tus datos personales y enviárnosla o entregarla al personal de recepción.

Nombre

Apellidos

Edad

Profesión (*)

Empresa

Dirección

Código Postal

Correo electrónico

Fecha

Firma

(*) solo en caso de visita profesional

SUGERENCIAS

Tu opinión es importante, ayúdanos a mejorar.

# 3 | PEDRAS PARA A HUMANIDADE
## PIEDRAS PARA LA HUMANIDAD

O viaxeiro achégase a unha perspectiva máis social e lúdica sobre a muralla, na que se mostran os seus distintos usos- talvez un para cada lucense- á vez que se lanza unha mirada cara ao futuro.

A muralla ofrece a súa imaxe de sobrevivente... Reflicte as voces e latexos que forman a memoria colectiva que agora, grazas á súa declaración como Patrimonio da Humanidade, xa non é unicamente dos lucenses senón de todas e de todos aqueles que decidan deixarse levar polos seus muros de pedra...

El viajero se acerca a una perspectiva más social y lúdica sobre la muralla, en la que se muestran sus distintos usos– tal vez uno para cada lucense- al tiempo que se lanza una mirada hacia el futuro.

La muralla ofrece su imagen de superviviente... Refleja las voces y latidos que forman la memoria colectiva que ahora, gracias a su declaración como Patrimonio de la Humanidad, ya no es únicamente de los lucenses sino de todas y de todos aquellos que decidan dejarse llevar por sus muros de piedra...




COMO CHEGAR? / ¿CÓMO LLEGAR?

lugo | Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11
27001 Lugo

Teléfonos:
982 25 16 58
982 29 73 47

www.lugoturismo.com

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

- Información e venda de servizos turísticos / Información y venta de servicios turísticos
- Tenda / Tienda
- Visitas guiadas / Visitas guiadas
- Programas educativos e talleres didácticos / Programas educativos y talleres didácticos
- Programas de animación cultural e turística / Programas de animación cultural y turística
- Audioguías / Audioguías

lugo
Plan de Excelencia Turística

PROYECTO COFINANCIADO POR LA COMUNIDAD EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO | SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

Concello de Lugo

ASOCIACIÓN PROVINCIAL EMPRESARIOS CONFECCIÓN DE LUGO

A muralla de Lugo abre a súa undécima porta:
# o Centro de Interpretación da Muralla

lugo
Centro de Interpretación da Muralla

PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD MURALLA ROMANA DE LUGO

## 0 COÑECER A MURALLA
## CONOCER LA MURALLA

Nin os máis ousados profetas fosen capaces de intuír que, aquel antigo campamento romano establecido no soar da futura Lucus Augusti, se convertería nunha das cidades máis especiais de toda Galicia... cunha muralla que no ano 2000 a UNESCO declarou Patrimonio da Humanidade.

Pero ademais dun recoñecemento institucional, a muralla tamén reclamaba unha voz... un espazo que lle axudase a dialogar co viaxeiro, e que lle proporcionase unha porta cara ao coñecemento do seu pasado. Hoxe esta porta xa está aberta: é o Centro de Interpretación da Muralla de Lugo.

Con este equipamento de última xeración, a cidade abre unha nova porta que desvela os segredos da vella muralla ás xentes do século XXI.

Ni los más osados profetas hubieran sido capaces de intuir que, aquel antiguo campamento romano establecido en el solar de la futura Lucus Augusti, se convertiría en una de las ciudades más especiales de toda Galicia…con una muralla que en el año 2000 la UNESCO declaró Patrimonio de la Humanidad.

Pero además de un reconocimiento institucional, la muralla también reclamaba una voz… un espacio que le ayudara a dialogar con el viajero, y que le proporcionara una puerta hacia el conocimiento de su pasado. Hoy esta puerta ya está abierta: es el Centro de Interpretación de la Muralla de Lugo.

Con este equipamiento de última generación, la ciudad abre una nueva puerta que desvela los secretos de la vieja muralla a las gentes del siglo XXI.

## 1 ANEL DE PEDRA
## ANILLO DE PIEDRA

Na primeira planta, o visitante asiste á construción dunha obra magna de enxeñería: a muralla.

Un gran anel de pedra rodea a cidade, alzándose como símbolo da súa identidade e da súa historia. A muralla de Lugo é a única que conserva íntegro o seu perímetro de 2.266 metros non só en España senón no que foi toda a área territorial do Imperio Romano.

Trátase de dar a coñecer o cando, o como, o quen e o por que do nacemento dunha cidade e unha muralla mostrando tamén os restos que na actualidade Lugo pon ao seu alcance... como a Casa dos Mosaicos de Batitales, as Termas, as necrópoles...

Baixo as rúas de Lugo respira parte da cidade romana aínda por descubrir...

En la primera planta, el visitante asiste a la construcción de una obra magna de ingeniería: la muralla.

Un gran anillo de piedra rodea la ciudad, alzándose como símbolo de su identidad y de su historia. La muralla de Lugo es la única que conserva íntegro su perímetro de 2.266 metros no solo en España sino en lo que fue todo el área territorial del Imperio Romano.

Se trata de dar a conocer el cuándo, el cómo, el quién y el por qué del nacimiento de una ciudad y una muralla mostrando también los restos que en la actualidad Lugo pone a su alcance… como la Casa de los Mosaicos de Batitales, las Termas, las necrópolis…

Bajo las calles de Lugo respira parte de la ciudad romana aún por descubrir…

## 2 SE AS PEDRAS FALASEN...
## SI LAS PIEDRAS HABLASEN...

Se as pedras falasen e nós fósemos capaces de entender a súa linguaxe, comprenderiamos que a historia da muralla, a da cidade e a dos homes e mulleres de Lugo están estreitamente unidas.

O viaxeiro coñecerá na segunda planta os cambios que experimentou a muralla ao longo de máis de dous mil anos de historia. A cidade do bispo transfórmase, medra e modifica a muralla.

Estamos ante unha obra palpitante e mutable que como un espello, reflicte a vida de Lugo.

Si las piedras hablasen y nosotros fuésemos capaces de entender su lenguaje, comprenderíamos que la historia de la muralla, la de la ciudad y la de los hombres y mujeres de Lugo están estrechamente unidas.

El viajero conocerá en la segunda planta los cambios que ha experimentado la muralla a lo largo de más de dos mil años de historia. La ciudad del obispo se transforma, crece y modifica la muralla.

Estamos ante una obra palpitante y mutable que como un espejo, refleja la vida de Lugo.

## i INFÓRMATE

Se estás interesado en recibir periodicamente información sobre as actividades do Centro, podes cubrir os teus datos persoais e enviárnola ou entregala ao persoal de recepción.

Nome

Apelidos

Idade

Profesión (*)

Empresa

Enderezo

Código Postal

Correo electrónico

Data

Sinatura

(*) só en caso de visita profesional

SUXESTIÓNS

A túa opinión é importante, axúdanos a mellorar